


**Colexio Público Integrado
CASTRO BAXOI**



MIÑO

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

2012-13

***Cristina Graña Vidal, Secretaria do C.P.I. Castro-Baxoi de Miño,
CERTIFICO:***

Que o Proxecto Educativo de Centro que figura a continuación, foi revisado e aprobado polo Claustro de profesores e polo Consello Escolar en reunións celebradas o día 27 de xuño de 2013.

Para que así conste, expido e asino a presente en Miño, a 27 de xuño de 2013.

***Vº e P.
O Director***

José Manuel Espiñeira Illobfre

CONTIDO

| | |
|---|-----------|
| 1. PREÁMBULO | 4 |
| 2. PRECEPTOS LEGAIS..... | 6 |
| 3. CONTEXTO E SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA ZONA | 14 |
| 4. TIPOLOXÍA ESCOLAR | 25 |
| 5. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E FINALIDADES EDUCATIVAS..... | 29 |
| 6. IDENTIDADE DO CENTRO: VALORES OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN | 33 |
| 7. CONCRECIÓN DOS CURRÍCULOS | 35 |
| 8. PROXECTO DE XESTIÓN | 36 |
| 9. EVALUACIÓN DO PEC | 36 |

1. PREÁMBULO

O Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os Centros Públicos Integrados de ensinanzas non universitarias, establece no Capítulo I do Título III, sobre o Proxecto Educativo do Centro, o seguinte:

Art.56.- Autonomía organizativa e pedagóxica.

Os centros públicos integrados disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e o seu respectivo regulamento de réxime interior.

Art. 57.- O proxecto educativo: definición.

É o instrumento de planificación que define as notas de identidade do centro, concreta as intencións educativas e serve para darlles sentido e orientación ás actividades do centro.

Art. 58.- Finalidade.

A finalidade do proxecto educativo do centro é a de plasmar de xeito coherente a actividade educativa adoptada despois dunha análise da realidade e do entorno socioeconómico e cultural onde radica o centro. Deberá dotar de coherencia e personalidade propia a cada comunidade escolar, expresando a opción asumida polos distintos sectores, e que identificará os valores e obxectivos válidos para os que estarán vinculadas as actividades do centro.

Art. 59.- Contidos.

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas e do contorno, así como dos principios de identidade do Centro, incluírá:

a) A organización xeral do centro, que se orientará á consecución dos fins establecidos no Art. 1 da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo e ó cumprimento dos principios establecidos no Art. 2 da mencionada Lei.

b) Os fins e as intencións educativas do centro, de acordo coa identidade propia do centro.

c) Os obxectivos do centro tendentes a lograr a normalización lingüística, de acordo co decreto 247/1995 do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

d) A adecuación ó contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten nel e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.

e) As Normas de Organización e Funcionamento (regulamento de réxime interior do centro).

f) A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas e actividades e servizos.

g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

- h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais educativos do concello e outras institucións.
- i) Calquera outra circunstancia que caracterice o réxime de funcionamento e oferta educativa do centro.
- j) Os Plans e Programas que contempla a lexislación vixente.

Art. 60.- Elaboración, aprobación, avaliación e difusión.

O equipo directivo elaborará o proxecto educativo do centro, de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo Claustro de Profesores e as xuntas de delegados.

O proxecto educativo así como as súas posibles modificacións será aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

O equipo directivo do centro procurará amosar o proxecto educativo de maneira que permita un mellor coñecemento del cara a orientar os alumnos e alumnas e ós seus pais, favorecendo deste xeito unha identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa.

Art. 61.- Supervisión.

A Inspección Educativa supervisará o proxecto educativo para comprobar a adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que proceda.

Tendo en conta esta normativa asumimos que ...

O proxecto educativo de Centro (PEC) deste Centro Público Integrado constituirá o marco xeral de referencia que recollerá a explicitación das conviccións desta Comunidade Educativa mediante uns principios reitores consensuados e a formulación dos nosos propósitos xerais relativos non só ó ámbito curricular senón a todos os demais ámbitos de xestión. O PEC comunicará tamén a estrutura organizativa desta institución.

2. PRECEPTOS LEGAIS

Os membros do CPI Castro Baxoi de Miño somos conscientes de que non podemos deseñar estratexias de actuación educativa ignorando as leis que afectan a autonomía do noso Centro e que por iso é necesario cumprilas.

En consecuencia, estimamos que as leis que, entre outras, están afectando o noso Centro, son as que seguen:

- Normativa de carácter xeral

LOE. Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Formación Profesional. Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.

Requisitos mínimos dos centros. RD 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral.

Concurso de Traslados. Real Decreto 1364/2010 polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes.

Especialidades do Corpo de Mestres. Real Decreto 1594/2011 polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Mestres.

Especialidades docentes en Secundaria. Real Decreto 1834/2008 de Especialidades na ESO e no Bacharelato.

- Galego

Normalización lingüística. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG.-14/07/83).

Plurilingüismo. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza (DOG.- 25/05/2010).

CELGA. Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG.- 30/06/2007).

- Orientación educativa

Orientación. Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG.- 27/04/1998).

Orientación. Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG.- 31/07/1998).

Orientación. Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas

escolares de Galicia.

Orientación. Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, FP e innovación educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

Decreto de atención á diversidade. Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE (DOG.- 21/12/2011). **Normativa derogada.** O novo decreto de atención á diversidade derroga o anterior Decreto 329/1996 e aquela outra normativa de igual ou inferior rango que se opoña a el.

Escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais. Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.(DOG.- 30/01/2002).

Avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais. Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG.- 19/12/1996).

Alumnado sobredotado intelectualmente. Real Decreto 943/2003 polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos sobredotados intelectualmente (BOE.- 31/07/2003).

Flexibilización da escolarización do alumnado sobredotado intelectualmente. Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG.- 28/11/1996).

Adaptacións curriculares. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG.- 07/11/1995).

Alumnado procedente do estranxeiro. Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG.-26/02/2004).

Diversificación curricular. Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG.- 21/08/2007).

- ORGANIZACIÓN EDUCATIVA: Infantil, Primaria e Educación Secundaria.

Acceso e condicións de traballo do profesorado interino e substituto. (Texto refundido. Resolución do 10 de maio de 2010, da Dirección Xeral de

Centros e Recursos Humanos,).

Acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos. Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se regula o procedemento.

Admisión de alumnado. Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG.- 26/12/2012).

Admisión de alumnado. Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG.- 15/03/2013).

Adscrición funcional de mestres e elección de horarios. Artigos relacionados coa adscrición funcional das mestras e mestres recollidos na Orde do 28 de xuño de 2010 que modificou a Orde do 22 de xullo de 1997 que regula a organizacións das EEI, CEP e CEIP.(DOG.- 06/07/2010).

Agrupamentos de unidades de infantil e primaria. Acordo entre a Consellaría e as organizacións sindicais, agás a CIG-Ensino, sobre os agrupamentos do alumnado de educación infantil e primaria para os efectos de constitución de unidades. Aprazada "sine die" a súa aplicación pola Consellería de Educación.

Atención á diversidade. Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado de ESO.

Autonomía de xestión. Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG.- 04/04/2003).

Auxiliares de conversa. Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG.- 20/05/11).

Avaliación de diagnóstico. Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG.- 15/10/2010).

Avaliación de Educación Infantil (2º Ciclo) . Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galicia (DOG.-10/07/2009).

Avaliación en Primaria. Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria (DOG.- 30/11/2007).

Avaliación na ESO. Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria (DOG.- 07/01/2008).

Corrección de erros: Actas de avaliación de 3º PDC (DOG.- 08/02/2008)
Modificación dun apartado pola Orde do 23 de xuño de 2008 (DOG.- 24/06/2008).

Cadros de Persoal dos centros de infantil e primaria. Documento asinado o 8 de xuño de 2007 pola Consellaría, a CIG-Ensino e outras OO.SS. polo que se incrementan os cadros de persoal e se reduce a 21 o número de horas lectivas.

Calendario escolar 12/13. ORDE do 24 de maio de 2011 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2011/2012 nos centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG.- 22/06/2012).

Centros docentes. Clasificación. Clasificación actual dos centros docentes públicos de todas as etapas educativas e modificación a efectos retributivos que entrará en vigor o 1 de setembro de 2008.

Centros plurilingües. Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia (DOG.- 20/05/2011)

Centros plurilingües. Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se regulan, con carácter experimental, os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galiza, para o curso 2010/2011.

Comedores. Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e OU.

Comedores. Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e OU (DOG.- 05/03/2007). **Modificación:** Orde do 13 de xuño de 2008 que modifica a orde de comedores de 21 de febreiro de 2007 (DOG.- 19/06/2008).

Competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos. Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se regula o procedemento (DOG.- 26/04/2011).

Consellos Escolares. Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG, 29/04/1988). **Corrección de erros** (DOGS.- 03/05; 24/05 e 15/06/1988). **Modificado** polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG.- 09/08/1996).

Convivencia e participación. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Corpo de mestres. Cadros de Persoal. Orde do 12 de agosto do 2010 polo que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes en educación infantil, primaria e educación especial (DOG.- 23/08/2010). **Corrección de erros** (DOG.- 06/10/2010). **Corrección de erros** (DOG.- 09/12/2010). **Modificación dos cadros de persoal** (DOG.- 09/08/2011). **Modificación dos cadros de persoal** (DOG.- 03/08/2012).

Corpo de mestres. Especialidades. Real decreto 1594/2011 polo que se

establecen as especialidades docentes do Corpo de Mestres BOE.- 09/11/2011).

Corpo de mestres. Recoñecemento de especialidades. Orde do 10 de xaneiro de 2012 (DOG.- 20/01/2012).

Currículo da ESO. Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria.

Currículo de Educación Infantil. Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galiza (23/06/2009).

Currículo de Educación Primaria. Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria (DOG.- 09/07/2007).

Dereitos e deberes do alumnado. Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia (BOE.- 02/06/1995).

Desenvolvemento da ESO. Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG.- 12/09/2007). **Corrección de erros** (DOG.-24/09/2007).

Direccións de centros de ensino públicos. Selección. Decreto 29/2007 de selección de directores/as. Decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos (DOG.- 12/03/2007).

Direccións dos centros de ensino públicos. Consolidación parcial do complemento de dirección. Decreto 120/2002, do 22 de marzo, polo que se regula a consolidación parcial do complemento específico dos directores dos centros escolares públicos (DOG.- 10/04/2002).

Direccións dos centros de ensino públicos. Consolidación parcial do complemento de dirección. Orde do 12 de abril de 2002 pola que se regula o procedemento de consolidación parcial do complemento específico dos directores dos centros públicos.

Direccións dos centros docentes públicos. Avaliación. Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se regula o procedemento de avaliación das direccións dos centros docentes públicos en que se imparte algunha das ensinanzas reguladas na LOE (31/12/2010).

Ensinanzas mínimas da ESO. Real decreto 1631/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.

Ensinanzas mínimas da ESO. Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, así como os reais decretos 1834/2008, do 8 de novembro, e 860/2010, do 2 de xullo, afectados por estas modificacións. Entrada en vigor nos cursos 2011/12 e 2012/13. **Modificación das ensinanzas mínimas de ESO (Educación para a cidadanía).** Real decreto 1190/2012, de 3 de agosto (04/08/2012).

Ensinanzas mínimas de Educación Infantil. Real decreto 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación

infantil (BOE.- 04/01/2007).

Ensinanzas mínimas de Educación Primaria. Real decreto 1513/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas de educación primaria (BOE.- 08/12/2006). **Modificación das ensinanzas mínimas de Educación Primaria (Educación para a cidadanía e os dereitos humanos).** Real decreto 1190/2012, de 3 de agosto (04/08/2012).

Especialidades do Corpo de Mestres. Real Decreto 1594/2011 polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Mestres.

Especialidades docentes. Real decreto 1834/2008 de especialidades na ESO e no Bacharelato (BOE.- 28/11/2008).

Función titorial e outras funcións. Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG.- 24/07/2007).

Horario profesorado. Elección. Artigos relacionados co horario do profesorado na orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización das EEI, dos CEP e dos CEIP (DOG do 2 de setembro de 1997).

Instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa. (21-7-08) Circular sobre docencia na Educación Infantil por non especialistas; funcións do profesor/a titor/a en relación ao programa gratuidade libros de texto e realización de gardas por profesorado de PT, AL e Orientación.

Libros de texto e outros materiais didácticos (adquisición no curso 2011-12). ORDE do 13 de maio de 2011 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2011/2012 en 1.º, 2.º, 5.º e 6.º de educación primaria, 1.º e 3.º de educación secundaria obrigatoria e en educación especial.

Libros de texto e outros materiais didácticos (adquisición no curso 2012-13). Orde do 30 de maio de 2012 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos, no curso escolar 2012/1013 (DOG.- 01/06/2012).

Libros de texto e outros materiais didácticos que cambien de idioma. ORDE do 16 de maio de 2011 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario que cambien de idioma de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2011/2012 en 3.º e 4.º de educación primaria e en 2.º e 4.º de educación secundaria obrigatoria (DOG.- 31/05/2011). **Corrección de erros:** (DOG.- 30/05/2011).

Libros de texto. ORDE do 18 de maio de 2011 pola que se convoca e regula o programa de reposición de libros de texto e materiais curriculares nos

centros sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2011/2012, nos niveis de 3.º e 4.º de educación primaria e 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria para as materias que non cambian de idioma, de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza (DOG.- 31/05/2011).

Observatorio de convivencia escolar. Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

Organización dos Centros de Infantil e Primaria. Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97).

Organización dos CPIs. Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG.- 02/11/2000). **Modificación parcial:** Horarios (DOG.- 06/07/2010)

Organización dos IES. Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES (DOG.- 02/09/2007). **Modificación parcial:** Horarios (DOG.- 06/07/2010).

Perda de destino docente. Decreto 140/2006 de 31 de agosto, que regula os criterios da perda de destino do profesorado de centros públicos (DOG.- 01/09/2006).

Plurilingüismo. Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Profesorado de relixión. Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a relación laboral do profesorado de relixión e se ditan instrucións relativas á provisión de postos (DOG.- 24/07/2007).

Profesorado interino e substituto. Acceso e condicións de traballo. Texto refundido. Resolución do 10 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (DOG.- 19/05/2010). Orde do 28 de xuño de 2012 que modifica a adenda de 11 de xullo de 2006 eliminando o pago dos meses de xullo e agosto (DOG.- 29/06/2012).

Profesorado itinerante. Condicións de traballo. Instrucións da Consellaría 11-3-08. Circular 10/2008

Programas de Cualificación Profesional Inicial. Admisión do alumnado (DOG.- 10/08/2012).

Programas de Cualificación Profesional Inicial. Catálogo das Cualificacións Profesionais. Real decreto 1128/2003 de 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais (BOE.- 17/09/2003). **Modificación do catálogo.** Real decreto 1416/2005, de 25 de novembro, polo que se modifica o RD 1128/2003 que regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais (03/12/2005).

Programas de Cualificación Profesional Inicial. Cualificacións profesionais.

(http://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice_CualCatalogo.html)

Programas de Cualificación Profesional Inicial. Módulo profesional de FCT. Orde de 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional da FCT da formación profesional inicial (DOG.- 08/03/2007). **Corrección de erros** (DOG.- 09/03/2007).

Programas de Cualificación Profesional Inicial. Oferta para o curso escolar 2012-13 (DOG.- 13/08/2012).

Programas de Cualificación Profesional Inicial. Perfís (<http://www.edu.xunta.es/fp/perfis-de-pcpi>)

Programas de Cualificación Profesional Inicial. ORDE do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG.- 21/07/2011).

Programas de diversificación curricular na ESO. Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG.- 21/08/2007).

Recoñecemento de especialidades do corpo de mestres. ORDE do 10 de xaneiro de 2012.

Rede abalar. Convocatoria para a selección de centros da rede abalar para o curso 2012/13, cos criterios que deben cumprir os centros (DOG.- 20/03/2012).

ROC dos Centros Públicos Integrados. Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias (DOG.- 26/01/1999).

ROC dos Colexios de Educación Primaria e Infantil. Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

ROC dos Institutos de Educación Secundaria. Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES (DOG.- 09/08/1996).

Seccións bilingües. Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG.- 20/05/2011). **Corrección de erros** (DOG.- 30/05/2011).

Xornada Laboral do profesorado. ORDE do 4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG.- 13/06/2012).

Xornada Laboral do profesorado. ORDE de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 30/06/2011).

Xornada Única e Mixta. Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados (DOG.- 06/06/2008).

3. CONTEXTO E SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA ZONA

3.1. ENTORNO FÍSICO

Os concellos de Miño e Vilarmaior forman parte do Conxunto do Eume, xunto cos concellos de Cabanas, Monfero e Pontedeume dentro da bisbarra natural que forma o Golfo Ártabro (Fig. 1).

Miño, situado na costa, evoluciona de maneira positiva no seu crecemento, experimentando pequenos altos e baixos en relación coa conxuntura do momento (crise económica, emigración, etc.). Na actualidade funciona como núcleo de veraneo para o Conxunto Ártabro, igual que outros da zona. En cambio Vilarmaior, situado no interior, sofre reducións moi drásticas no número de habitantes, a partir dos anos 40, como consecuencia dos desprazamentos da poboación na busca de mellores oportunidades e dun aumento do nivel de vida. É un concello menor polo seu escaso peso demográfico.



Figura 1. A comarca. O arco ártabro

3.1.1. CONCELLO DE MIÑO

3.1.1.1. ASPECTOS FÍSICOS

Miño está situado na desembocadura da Ría de Betanzos. Limita ó Norte co concello de Pontedeume, ó sur cos concellos de Paderne e Irixoa, ó leste co e Vilarmaior e ó oeste coa citada ría (Fig. 2).

Cunha extensión de 34 km² ten unha densidade de poboación de 151 hab./km² e un crecemento vexetativo negativo de -4,6 (datos do ano 1991).

Está atravesado pola variante da N-VI Betanzos-Ferrol, pola autoestrada A-9 e pola liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol.

Pertence á bisbarra das Mariñas. Báñao a ría de Ares e Betanzos que lle proporcionan un clima suave aínda nas zonas situadas máis lonxe da costa.

Está distribuído territorialmente en oito parroquias: Bemantes, Calobre, Carantoña, Castro, Leiro, Miño, Perbes e S. Xoan de Vilanova.

O relevo é irregular e de pouca altura, a costa é recortada. Na desembocadura do Lambre na Ponte do Porco hai unha pequena ría que forma a praia da Alameda, a continuación da praia Grande. Logo, a costa é rochosa con calas areosas como Andaio e S. Pedro de Perbes. Enfronte, unhas pequenas illas.



Figura 2. O concello de Miño

Os ríos máis importantes son o Lambre e o Baxoi, de pouco caudal pero fermosos; cruzados por dúas pontes famosas construídas polos Andrade. Unha deu fama ó lugar de Ponte do Porco, aínda que a primitiva atópase 1 km. Máis arriba e hoxe chámase Ponte Lambre, de, estilo oxival con un só arco. A outra cruza o Baxoi cerca da desviación que sae cara a Bañobre, ó carón da desviación Betanzos-Ferrol da estrada nacional VI. Esta desemboca nunha zona pantanosa, as marismas.

O clima, de tipo oceánico húmido caracterízase polas suaves temperaturas e choivas abundantes. A temperatura media oscila entre os 13 e os 14° C. As precipitacións son de entre 900 e 1000 mm anuais, repartidas ó longo de todo o ano cun máximo en outono e inverno e un mínimo no verán.

Os montes son de pouca altura, o solo é de tipo cambisol ou terra parda, característicos da Galicia do Norte, de baixa fertilidade e un aproveitamento forestal -algún día con vexetación autóctona de carballos, hoxe substituídos de piñeiros e eucaliptos - e gandeiro, case exclusivo.

3.1.1.2. ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS

A economía é de carácter agrario. O total das terras de cultivo representa o 48 % da superficie total do municipio. A maior porcentaxe ocúpaa o millo (30 %), seguido das patacas (16 %). Entre os cultivos leñosos hai que destacar as maceiras, as cerdeiras, as guindeiras e as vides que, cada vez, teñen maior importancia. A industria forestal conta con 1200 ha dedicadas a monte, para a produción de madeira, o que significa o 36 % da superficie total do municipio. En relación coa agricultura está a gandería con producións de carne e leite que teñen impulsado a creación de industrias e cooperativas dedicadas ó envasado e fabricación de queixos. Outros sectores como o pesqueiro carecen de importancia.

Un aspecto a ter en conta é a crecente importancia da zona como centro de veraneo, o que ocasiona un aumento importante de poboación flotante no período estival, un notable desenvolvemento de complexos hostaleiros e zonas residenciais que lle imprimen un carácter urbano ó municipio.

3.1.1.3. ASPECTOS HISTÓRICO-ARQUELÓXICOS

A parroquia de Santa María de Castro foi a máis importante do Concello de Miño. Pertencía ó antigo Coto de Leiro. Foi concello ata o desenvolvemento comercial e demográfico de Miño. Quedan como mostra da súa importancia os pazos dos Condes de Vigo, a casa de Leiro e a igrexa de Santa María, construída no século XVI polos Tenreiro de Montenegro, na que hai un fermoso escudo do século XV pertencente ós Montenegro, Piñeiro, Tenreiro, etc.

No municipio, atópanse algúns castros. O cemiterio está construído na cima dun, o de Loios, dando nome a esa aldea.

Miño pertenceu á orde dos Templarios no século XII, pasando no XVI a poder dos Andrade, que máis tarde fixeron doazón das propiedades ó Mosterio Montefaro. Isto sucedeu despois da morte de Fernán Pérez de Andrade "O Bo".

No século XVI pertencía ó conde de Sarria, nese momento había 200 habitantes que vivían da pesca e das vides. No 1779 o presidente dos EE.UU John Adams, nunha carta á súa esposa diríalle: "O pasar por terras miñenses, e despois de xantar no ponte do Porco, esta terra está traballada dende a montaña á beira do mar".

Dos monumentos máis salientables destaca o Pazo de San Paio de Bañobre.

Dende o ano 1940, o Pazo de San Paio de Bañobre, coñecido como Pazo dos Condes de Vigo, vén sendo habitado por unha comunidade relixiosa, cedido pola súa dona a condesa de Vigo e vizcondesa de Bañobre. O primeiro título recibírao o militar Joaquín Tenreiro Montenegro pola súa participación na conquista de Vigo durante a guerra da Independencia.

Ó Pazo fóronlle engadidas outras edificacións para habilitalo como centro de ensinanza, pero conserva varios elementos que denotan a súa orixe, entre os que figuran os escudos da fachada.

O principal deles, sobre o balcón que timbra a porta, é do século XVIII. Está coroadado por un helmo de cabaleiro e ostenta no lugar principal o M dos Montenegros. A ambas as súas beiras, as bandas dos Valdés e o piñeiro oculto polo castelo dos Piñeiros. Máis abaixo vese a barra Andrade, dos Tenreiro, e o cordeiro cos bolos dos Bolaño. Na parte inferior, varios emblemas representan ó apelido De la Hoz.

Preto deste pazo, na fachada dunha casa particular consérvase un antigo escudo de Galicia.

Outro dos monumentos salientables é o templo de San Xoán de Vilanova ó pe do monte Breamo. Este sinxelo templo ten un grande interese arqueolóxico pola súa data de construción, o incipiente estilo románico, anterior á construción da Catedral de Santiago.

Levantouse no ano 1040, pero a portada refíxose no século XVIII, xa que ameazaba ruína, unha ruína que afectou os muros da nave, que sofren un lixeiro desplome cara a fóra na parte superior.

Perfectamente restaurado, a ábsida semicircular é a peza máis interesante do pequeno templo; nel aparecen as bandas lombardas sobre arquitectura semicircular e baixo o entrenzado corrido da cornixa. Recorda a casa de Toques.

A igrexa de Santa María do Castro foi até tempos moi recentes a máis importante do actual concello de Miño. Pertencía ó antigo Coto de Leiro, sobre o que exercía señorío o Conde de Monterrei. De aí que nun principio o concello recibise o nome de Castro, até o recente desenvolvemento demográfico e comercial de Miño.

Da súa importancia quedan como mostra os lazos dos condes de Vigo e a Casa de Leiro, así como a igrexa de Santa María erixida sobre a parte máis alta do castro que dá nome ó lugar. Foi construída no século XVI polos Tenreiro de Montenegro. Nela vemos un escudo sobre portalón en liña coa fachada. No escudo labrado no XVIII aparecen os emblemas dos principais señores do pazo de Vigo: o M dos Montenegros e os carneiros pasantes dos Tenreiro. Ó seu redor, os símbolos tantas veces repetidos nas pedras de armas da comarca que representan ó Piñeiro de Narahío, Lago, Núñez, Bolaño, Losada, etc.

3.1.2. CONCELLO DE VILARMAIOR

3.1.2.1. ASPECTOS FÍSICOS

Este municipio (Fig. 3) está limitado ó norte polo concello de Pontedeume, ó leste polo de Monfero, ó sur polo de Irixoa e ó oeste polo de Miño. Ten unha extensión de 30 km² e unha densidade de poboación de 46.94 hab./km² e unha taxa de crecemento vexetativo de -9,9 (datos de 1991).

Formado polas parroquias de Doroña, Grandal, Güimil, Torres, Vilamateo e Vilarmaior.




Figura 3. O concello de Vilarmaior

Encadrado dentro do dominio xeográfico das Mariñas orientais, forma parte da pequena meseta que descompón en dúas a pendente que separa a verdadeira meseta peninsular da costa. Desde o punto de vista xeolóxico está constituído por terreos moi antigos, cámbricos e precámbricos. En canto á litoloxía, as rochas poden agruparse en distintas unidades: xistos, granitos gnéisicos, e granitos graúdos de dúas micas. Dúas cuncas fluviais, as dos ríos Vilariño e Lambre, forman as unidades morfolóxicas máis importantes. A primeira baña o sector setentrional e oriental do municipio. O Vilariño, ó igual que o Andoriña, circula encaixado nas superficies de aplanamento, cortando o

terreo en vastos interfluvios, como o que se observa ó pé do monte Catarol, alongado de N. a S. acompañando o río. Estes interfluvios corresponden ó nivel de 300 m antes aludidos. Afluente do río Xurío é o Baxoi, que cruza a parroquia de Doroña, aumentando o seu caudal cos seus tributarios Arnelas e Ribeira. A conca do Lambre baña o sector meridional, atravesando as parroquias de Güimil e Vilamateo, e circula tamén encaixado nas superficies de aplanamento. Este encaixe dos ríos crea un relevo moi compartimentado, que lle dá un aspecto quebrado e montañoso. As maiores alturas atopámolas nos montes Catarol (440 m) e Seixo Grande (375 m).

O clima pode englobarse no dominio oceánico-húmido propio da costa setentrional galega. A suavidade das temperaturas é unha das características máis salientables, cunha media anual de 11,8 °C; a oscilación térmica é de 12 °C. As precipitacións, relativamente abondosas, están distribuídas regularmente durante todo o ano, sendo os meses máis húmidos novembro, decembro e xaneiro, nos que se recolle o 40% da precipitación total (988 mm).

O territorio municipal está cuberto por uns solos pobres, debido en grande parte ó condicionamento que, na súa formación, tiveron os factores climáticos e litolóxicos. Trátase de solos, en xeral, de pouca fondura e pouca area, como o ránker dístico e o cambisol húmico.

O tapiz vexetal que cobre estes solos está formado, na súa maior parte, por piñeiros, carballos e eucaliptos; o sotobosque é de uceira e toxo.

3.1.2.3. ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS

A poboación deste concello participa das características xerais da poboación galega: dispersión xeográfica, envellecemento e emigración. Se observamos a súa evolución ó longo do século, vemos que a tendencia é regresiva; partindo de 3062 habitantes en 1900, permanece practicamente estancada até 1950, data na que se produce unha caída para chegar a ser 1220 habitantes tan só en 1981. Este descenso demográfico hai que atribuílo en primeiro lugar a un débil crecemento vexetativo, xunguido a dous elementos xa citados, o progresivo envellecemento da poboación e a emigración que se acrecenta a partir da década dos 50.

A agricultura e a gandería son as actividades máis importantes do concello, a pesar de que as condicións naturais non son favorables debido á baixa fertilidade dos solos. A superficie cultivada (só o 30 % da extensión do concello) está dividida en pequenas e medianas explotacións, de parcelas dispersas (o 92 % ten menos de 0,5 ha) o que se traduce nun espazo agrario moi compartimentado.

En canto ós cultivos, o lugar primordial ocúpao o feixón, ó que se dedican 400 ha, o millo e as patacas; os cultivos forraxeiros representan tamén unha parte importante.

A produción forraxeira destínase a alimentar a cabana bovina. Ó bovino séguelle en importancia o porcino, destinado na súa maioría ó consumo familiar, agás nalgunhas explotacións nas parroquias de Grandal e Vilarmajor nas que existen granxas para a súa comercialización.

En relación tamén con esta cabana gandeira, está o papel fundamental que desenvolve o monte. A súa extensión supón o 54 % da superficie do concello.

3.1.2.3. ASPECTOS HISTÓRICO-ARQUEOLÓXICOS

A cultura castrexa está representada polos poboados de As Croas, na parroquia de Doroña, o Tesouro de Vilarmaior, no lugar de Castro (parroquia de San Pedro de Vilarmaior) e O Castro, en Pazos (parroquia de San Xurxo de Torres), con lendas de mouros e tesouros, todos eles sen escavar e estudados por E. Monteagudo García.

Da época romana temos referencias dunha posible vía de carácter secundario próxima a Torres, nova, sen comprobar. En 1938, na parroquia de San Pedro de Grandal, atopouse unha estela funeraria, fragmentada, de 1,10 x 0,39 m que se conserva no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón (A Coruña).

O actual concello de Vilarmaior é o recordo, entre outras nomenclaturas das desaparecidas xurisdicións e coutos de Pontedeume, Monfero, Caaveiro, Regla, Calobre, etc., citados no apéndice demográfico da antiga provincia de Betanzos no 1797, por Lucas Labrada. Formaba parte do comiso ou condado de Prucos, do que a nova máis antiga se recolle nun documento (ano 866) do rei Alfonso II ó bispo de Mondoñedo Sabarico I, facendo constar as doazóns desta terra, xunto coa de Bezoucos e Trasancos, á diocese mindoniense.

No foro fundacional da vila de Pontedeume outorgado por Alfonso X O Sabio no 1270 figuran, entre os solicitantes, *"homes de la tierra de prucos et besoucos, e entre outros os das freguesías de sta. maría de dorona, san pedro de grandal e santiago de villa matheu"*, entidades correspondentes ó actual municipio de Vilarmaior.

Non ten o municipio monumentos civís de interese histórico-artístico, pero entre as súas construcións relixiosas merece especial atención a parroquia de Sta. María de Doroña, pequena construción do románico rural galego construída cara a 1162. De notabilidade histórica, máis que arquitectónica, resultan as igrexas de Grandal e Torres.

3.2. O CENTRO ESCOLAR

Foi construído en dúas fases, a primeira -dedicada practicamente en toda a súa totalidade a Educación Primaria- foi inaugurada no curso 1995-96, e a segunda, dedicada a ESO, no 1999-2000.

Está situado no lugar de Telle (Fig. 4) e a súa construción é moderna e pouco funcional.

O alumnado procede dos concellos de Miño e de Vilarmaior (das parroquias de Vilamateo, Güimil, O Tres e Torres).

Na área de influencia deste Centro hai tres CEIP incompletos nos que se escolarizan alumnos de Educación Infantil e Primaria, os de Bemantes e Vilanova do Concello de Miño e o de Torres no de Vilarmaior. Os alumnos destes centros pasan a ser alumnos deste CPI no momento no que rematan o 1º Ciclo de Educación Primaria.

O CPI Castro Baxoi está integrado na zona educativa de Betanzos e escolariza alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.




Figura 4. O contorno do CPI Castro Baxoi

3.3. CONCENTRACIÓN E DISPERSIÓN DOS DOMICILIOS

É evidente a dispersión dos domicilios con respecto ó Centro, como se demostra nos datos recollidos nas enquisas ós pais de alumnos - o 45 % dos alumnos tarda unha media de entre 6 e 10 minutos dende a casa ó Colexio - . A metade do alumnado tarda máis de quince minutos. Este tempo empregado no transporte é bastante significativo á hora de enfrontarse ás tarefas educativas.

As características semi-rurais do noso centro quedan marcadas polas parroquias de procedencia dos nosos alumnos dentro dos concellos de Miño e Vilarmaior.

3.4. RECURSOS SOCIO-COMUNITARIOS DO CONCELLO DE MIÑO

En canto a servizos comunitarios o concello de Miño conta cos seguintes:

- Unha asistente social.
- Unha psicóloga.
- Unha animadora socio-cultural.
- Catro auxiliares do servizo de axuda a domicilio.
- Un mestre de alfabetización de adultos.

En canto a infraestruturas:

- Un centro social que dispón de:
 - Biblioteca.
 - Salón de actos.
 - Sala de exposicións.
 - Centro da terceira idade.
- Un parque público, situado na parroquia de Miño.
- Pavillón polideportivo, na parroquia de Miño.
- Sete pistas polideportivas situadas en: Callobre, Castro, Carantoña, Bemantes, Vilanova, Miño e Sombreu.
- Cinco locais sociais: Perbes, Vilanova, Carantoña, Bemantes e Callobre, cedidos ás asociacións veciñais.
- Centro de atención primaria con:
 - Tres médicos de atención primaria.
 - Un pediatra
 - Dous Asistentes Técnicos Sanitarios.
- Tres farmacias: dúas en Miño e unha en Vilanova.
- Unha oficina de Correos.
- Un Xulgado de Paz.
- Catro curas párrocos que atenden ás oito
- parroquias existentes no concello.

Asociacións:

- Asociación de veciños Xarío, en Perbes. Conta cun local propio.
- Asociación de veciños "Irmandade", en Bemantes. Dispón de local propio e dunha axencia de lectura.
- Asociación de veciños Sta. María de Castro.
- Asociación de veciños "Anduriña", en Callobre. Dispón de local social cedido polo concello.
- Asociación de veciños "Río Lambre", en Ponte do Porco.
- Asociación de veciños "Trasdoleiro" de Leiro.
- Asociación de veciños de Carantoña.
- A.C.R.D. "O Castro" en Miño. Conta con local propio.
- Centro cultural S. Xoan de Vilanova. Dispón dun local cedido polo concello.
- Asociación de mulleres "Gonzalvo", en S. Xoan de Vilanova.
- Agrupamento de Voluntarios de Protección Civil de Miño. Dispón dun local cedido polo concello.
- Asociación deportiva "A Ribeira".
- C.F. Bemantes.
- Asociación española contra o cancro.
- Asociación de amas de casa de Miño. Dispón dun local cedido polo concello.
- Asociación cultural de mulleres, en Bemantes. Conta con local cedido polo concello.
- Asociación xuvenil "A Castela", en Leiro.
- Asociación xuvenil "Amigos de Miño".
- Asociación de Pais e Nais de Alumnos do CPI de Miño.

- A.C.R. e D. "A Nogueira", en Sombreu.
- Peña deportivista de Miño.
- Hockey club de Miño.

3.5. RECURSOS SOCIO-COMUNITARIOS DO CONCELLO DE VILARMAIOR

(Datos proporcionados polo Concello de Vilarmaior con data 12 de febreiro de 2004)

Os servizos socio-comunitarios están compostos por:

- Unha traballadora social.
- Unha Educadora Familiar (tempo parcial).
- Un animador sociocultural (tempo parcial).
- 3 auxiliares de axuda a domicilio.
- Unha bibliotecaria.
- Un profesor de informática.
- Monitores (variable ó longo do ano, arredor de 10 monitores desenvolven actividades ó longo do ano.

Servizos ofertados desde os Servizos Sociais Municipais:

Programa de información, orientación e asesoramento, programa de derivación, programa de aloxamento alternativo, servizo de axuda a domicilio, teleasistencia, programa de emerxencia social, proxecto de educación familiar (que inclúe: programa de difusión de información, educación para a saúde, orientación laboral e profesional e programa de igualdade de oportunidades), turismo social para maiores, proxecto de apoio á terceira idade, proxecto socioeducativo de apoio ás escolas (inclúe programa municipal de fomento da lectura e a escritura, programa de iniciación á lingua inglesa e programa de prevención e atención a alteracións da audición e a linguaxe), obradoiros culturais e programa de actividades lúdicas.

Infraestruturas

Locais sociais e culturais nas parroquias de Vilarmaior (200 m), Vilamateo (200 m), Doroña (200 m), Torres (100 m) e Grandal (80 m), ningún deles conta con equipamento específico, agás o de Vilarmaior, que conta con Aula de Informática (dotada de 6 ordenadores). Tamén está previsto instalar unha biblioteca nunha das plantas do Local Social de Doroña.

Servizos de asistencia médica

No centro de saúde do Concello traballan un médico, un ATS, e unha comadroa.

Institucións e Servizos

- Xulgado de Paz.
- Casa do Concello.
- Oficina dos Servizos Sociais.

Asociacións do Concello

Asociacións de Veciños:

- Asociación de Veciños "Armonía" de Vilarmaior.
- Asociación de Veciños "O Igresario" de Doroña.
- Asociación de Veciños "San Xorxe" de Torres.
- Asociación de Veciños de Güimil.
- Asociación de Mulleres Rurais Nosa Señora do Rosario.
- Asociación Folclórica Ferreñas.
- Asociación Protectora da Pesca Baxoi.
- Club de Fútbol de Vilarmaior.
- Asociación Cultural Virxe do Rosario.

Ningunha destas asociacións conta con locais ou instalacións propias, utilizando na actualidade locais de titularidade municipal.

3.6. ASPECTOS CULTURAIS ECONÓMICOS E LABORAIS

Maioritariamente, os pais/nais de alumnos deste CPI dedícanse ó Sector de Servizos, sendo pouco significativa a incidencia do paro laboral.

Dentro das profesións, ocupan un lugar relevante a construción, o comercio e o traballo autónomo.

O nivel socio-económico é medio.

A superficie de vivenda media é de 90-120 m² útiles, sobre todo en residencias unifamiliares (Graf. 1 e 2).

A formación académica e cultural dos pais aparece reflectida no gráfico 3.

O nivel medio cultural e académico é, como se observa, medio-baixo, o que hai que ter en conta á hora de elaborar as programacións didácticas.

A lingua usual do alumnado deste centro é o castelán, habitualmente empregada con eles, tanto na fala como na escrita, polos seus pais. Isto é debido, seguramente, á influencia dos medios de comunicación.

4. TIPOLOXÍA ESCOLAR

Os Centros Públicos Integrados foron implantados e regulados polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, e regulados pola Orde de 3 de outubro de 2000. A tipoloxía deste centro responde ás características establecidas en ambos documentos.

4.1. ESTRUCTURA

A estrutura deste C.P.I. que facilitará a consecución dos obxectivos anteriores é a que segue:

ÓRGANOS DE GOBERNO

UNIPERSOAIS

- Director/a.
- Xefe/a de Estudos de Educación Secundaria Obrigatoria
- Xefe/a de Estudos de Educación Primaria e de Educación Infantil.
- Secretario/a

COLEXIADOS

- Claustro de profesores
- Consello Escolar
- Comisión Económica
- Comisión de Convivencia (Observatorio de Convivencia)
- Comisión Autoprotección

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

UNIPERSOAIS

- Xefe/a do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
- Coordinador/a do Equipo de Normalización Lingüística
- Xefe/a do Departamento de Orientación (Orientador/a)
- Xefes de Departamento de Secundaria
- Coordinadores de ciclo de Educación Infantil e Primaria
- Coordinador de TICs

COLEXIADOS

- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
- Equipo de Normalización Lingüística
- Departamento de Orientación

-COORDINACIÓN DE DEPENDENCIAS

- Biblioteca
- TICs

DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

- Departamento de Ciencias Sociais
- Departamento de Ciencias da Natureza

- Departamento de Física e Química
- Departamento de Expresión Plástica e Visual
- Departamento de Educación Física
- Departamento de Lingua Castela e Literatura
- Departamento de Lingua Galega e Literatura
- Departamento de Lingua Estranxeira: Inglés
- Departamento de Lingua Estranxeira: Francés
- Departamento de Matemáticas
- Departamento de Música
- Departamento de Tecnoloxía

EQUIPOS DOCENTES

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Ciclo 1º
- Ciclo 2º
- Ciclo 3º

TITORÍAS

Unha por cada grupo de alumnos de cada nivel. O titor deberá ser o/ profesor/a que imparta maior número de horas no grupo, aínda que en ESO, isto non sempre é posible.

SERVIZOS

- Transporte Escolar
- Comedor (rexentado pola ANPA)
- Mañanceiros (rexentado pola ANPA)

ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR

- Asociación de Pais de Alumnos
- Xunta de Delegados
- Concellos de Miño e de Vilarmaior
- Outras entidades que participan puntualmente

4.2. UNIDADES DE FUNCIONAMENTO E PERSOAL DOCENTE

A Orde de 17 de xuño de 2003 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos de educación infantil, primaria e educación especial e a Orde de 1 de setembro de 1998 que establecen o número de unidades e postos de traballo deste CPI.

Neste CPI desenvolven o seu traballo dous/dúas profesores/as de Relixión Católica, un/unha na Educación Primaria e outro/a na Educación Secundaria Obrigatoria.

Táboa 2. Profesorado. Catálogo

| Especialidade | | Unidades catálogo actual | Postos de traballo actuais | nº profesores definitivos |
|----------------------|-----|-----------------------------|-------------------------------|------------------------------|
| EI | | 6 | 8 | 8 |
| Ed. Primaria | EP | 12 | 11 | 11 |
| | FI | | 2 | 2 |
| | FF | | 1 | 1 |
| | EM | | 1 | 1 |
| | EF | | 2 | 2 |
| | PT | | 1 | 1 |
| | AL | | 1 | 1 |
| E.S.O. (1º Ciclo) | LG | 4 | 1 | 1 |
| | LC | | 1 | 1 |
| | FI | | 1 | 1 |
| | CS | | 1 | 1 |
| | MA | | 1 | 1 |
| | CN | | 1 | 1 |
| | EF | | 0 | 0 |
| | EM | | 0 | 0 |
| | PT | | 1 | 1 |
| E.S.O. | LEL | 4 | 1 | 1 |
| | GeH | | 1 | 1 |
| | MAT | | 1 | 1 |
| | FeQ | | 1 | 0 |
| | BeX | | 1 | 1 |
| | DEB | | 1 | 1 |
| | FRA | | 1 | 1 |
| | ING | | 1 | 1 |
| | MUS | | 1 | 1 |
| | EF | | 1 | 1 |
| | ORI | | 1 | 1 |
| | TEC | | 1 | 1 |
| | LGL | | 1 | 1 |

Táboa 3. Profesorado de relixión

| | | |
|-------------------------|----------|---|
| PROFESORADO DE RELIXIÓN | PRIMARIA | 1 |
| | E.S.O. | 1 |

4.3. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

O conserxe é funcionario municipal Concello de Miño e desenvolve as tarefas propias do seu posto de traballo.

Táboa 4. Persoal de administración e servizos

| | | |
|--|----------------|---|
| PERSOAL DE ADMININISTRACIÓN E SERVIZOS | ADMINISTRATIVA | 1 |
| | CUIDADORA | 1 |
| | CONSERXE | 1 |

O/A administrativo/a e a cuidadora son funcionarios autonómicos.



Figura 5. Fachada principal

5. PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS E FINALIDADES EDUCATIVAS

ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Fomentar que toda a comunidade educativa interveña no control e xestión do Centro, sentíndose parte activa.
 - Buscando consenso na toma de decisións institucionais (orzamentos, convivencia, ...).
 - Dando responsabilidade ós alumnos para que se sintan colaboradores e partícipes do Centro.
 - Promovendo a participación e implicación dos pais na vida escolar.

ÁMBITO HUMANO

- Intentar que toda a Comunidade Escolar acepte as normas do RRI.
 - Dando a coñecer o RRI a todos os sectores implicados na vida escolar.
 - Avaliando periodicamente a súa adaptación ás necesidades do Centro ou á eficacia das normas recollidas nel.
- Insistir en conseguir medios para lograr apoios á diversidade.
 - Implicando á Comunidade Educativa para lograr persoal especializado nos problemas que presente o alumnado.
 - Promovendo a creación de prazas de Pedagogía Terapéutica para o Centro.
- Potenciar o traballo en equipo como principio de actuación dos profesionais deste Centro.
 - Procurando adaptar os horarios para favorecer as reunións dos profesores do mesmo nivel.
 - Intensificando as reunións de ciclo e etapa.

ÁMBITO PEDAGÓGICO

- Traballar e favorecer a integración do alumnado tan diverso deste Centro dada a problemática social e académica que tanto preocupa.
 - Desenvolvendo o interese polo traballo cooperativo potenciando as relacións entre grupos o máis heteroxéneos posibles (sexo, idade, orixe, capacidade, ...).
 - Potenciando o ensino activo coa finalidade de coñecer mellor o contorno a través de marchas, pequenas excursións, visitas a institucións (Concello, Sanidade, ...).
 - Organizando actividades lúdicas nos recreos (xogos de mesa, coleccións, ...).
 - Favorecendo unha convivencia tolerante, para ser capaces de establecer relacións equilibradas coas persoas relacionadas co noso Centro.
 - Potenciando a autonomía e darlles camiños e pautas para que aprenda a "aprender".
 - Poñendo en práctica modelos de avaliación educativa que non contemplan unicamente a cualificación de coñecemento e integrando o uso das TICs como medio de traballo e avaliación,

incluíndose as gravacións para uso do profesor como instrumento de avaliación.

- Desenvolven un plan de acción tutorial que proporcione ós alumnos coñecemento persoal, escolar e vocacional.

ÁMBITO DE XESTIÓN E RECURSOS

- Realizar unha xestión económica e administrativa do Centro que sexa coñecida e compartida pola Comunidade Educativa.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.

Asumimos como propias as propostas recollidas no punto 6.1 do caderno publicado pola Consellería de Educación "Un equipo para que o galego vaia a máis", que di:

- a. Referidas a aspectos visuais e documentais do centro:
 - Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc.
 - Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc.
 - Facer en galego toda a documentación administrativas e pedagóxica.
 - Ter en galego os selos empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, da biblioteca, etc.
- b. Referidas ó emprego do galego nos usos cotiáns.
 - Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñen coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
 - Uso da lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias, etc.
 - Emprego do galego na megafonía, actividades extraescolares, etc.
- c. Referidas ó fomento do uso do galego.
 - Editar en galego a revista e outras publicacións do centro.
 - Promover a creación no centro de medios de comunicación (radio, televisión, Internet, etc.) coidando que os seus contidos sexan sempre en galego.
 - Ter ben dotada de libros en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso e a súa lectura.
 - Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
 - Propoñer ó alumnado o contacto coas nosas raíces culturais de Galicia e coa realidade actual do país: Recuperar e potenciar as festas e xogos populares. Recoller e espallar a literatura popular. Realizar visitas de carácter didáctico que lles permitan coñecer a

presenza da lingua de Galicia de hoxe, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas. Participar activamente nos actos das Letras Galegas. Promover encontros e intercambios co alumnado doutras zonas, sobre todo daqueles centros que destaquen polo seu avance normalizador. Impulsar a formación de grupos de teatro, musicais, etc., que desenvolvan a súa actividade en galego.

Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

Neste sentido parece de interese o recollido no punto 8.1 do caderno “Un equipo para que o galego vaia a máis”, que tamén asumimos como propio, e que di:

- Organizar campañas orientadas á desaparición de condutas pasivas ou prexuízos lingüísticos e ao fomento de actitudes positivas cara á lingua. Esas actitudes poderán estar destinadas ó profesorado ou ó alumnado e, por extensión, ás propias familias.
- Realizar carteis, adhesivos, slogans... promovendo o uso do galego.
- Espallar entre o profesorado, o alumnado e os restantes membros da comunidade educativa todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua. Establecer un taboleiro permanente para recollelas.
- Participar en actividades públicas relativas á promoción lingüística (radio e vídeo escolar, publicacións, concursos, xornais, web do centro, etc.).
- Proporcionar información sobre materiais existentes, que permitan un incremento da docencia en lingua galega.
- Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións, etc.
- Realizar charlas de todo tipo (con escritores/as; con sociolingüistas; con personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión...) para promover a utilización social da lingua.
- Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua, indicando en que medida nos afecta a cada un e cada unha de nós.

Ideas básicas que guiarán a actuación neste Centro en materia de Normalización Lingüística:

1. Incidir no achegamento do galego de forma lúdica ó alumnado de Educación Infantil.
2. Potenciar o uso do galego no alumnado que espontaneamente manifeste tendencia a usalo.
3. Animar a que o galego sirva de lingua de uso cotián entre o alumnado. Para iso consideramos propiciar a flexibilidade e tolerancia cos erros lóxicos do comezo do uso do idioma.

4. Incrementar a presenza do galego en todos os lugares do centro para favorecer a normalización lingüística de toda a comunidade educativa.
5. Manter reunións con distintos grupos de profesorado para buscar estratexias aceptadas e conxuntas co fin de progresar na presenza do galego como lingua vehicular e de relación.
6. Favorecer o labor do profesorado de Lingua Galega e Literatura e mais das áreas impartidas en galego, dotando o centro de material adecuado.
7. Favorecer o contacto con persoeiros relevantes da cultura galega. Especialmente con escritores da Literatura Galega.
8. Todos estes obxectivos perseguirán como fin último acadar o obxectivo final de que o alumnado sexa competente nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma ó remate da Educación Secundaria Obrigatoria.

6. IDENTIDADE DO CENTRO: VALORES OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

Será a carta de presentación que nos distingue dos demais centros educativos.

Confesionalidade: para os centros públicos, en canto a crenzas relixiosas, morais e ideolóxicas, a constitución indica que deben de ser ideoloxicamente neutros.

Así nos declaramos.

Coa educación relixiosa e moral, deberemos mostrarnos respectuosos con todas as opcións, tanto de profesores como de alumnos, renunciando a todo tipo de adoutrinamento.

COEDUCACIÓN

Entendemos que a coeducación é consecuencia directa da eliminación de barreiras de xénero que supón un proceso intencionado de intervención educativa cara ó desenvolvemento harmónico da personalidade dos alumnos, independentemente do xénero e corrixindo o sexismo cultural, ideolóxico e social.

Consideramos que os aspectos a contemplar son os seguintes:

- ✓ Analizar de xeito crítico o emprego de masculino xenérico na linguaxe.
- ✓ Eliminar e analizar os esquemas mentais que atribúen capacidades distintas segundo o sexo.
- ✓ Arbitrar medidas de distribución igualitaria no reparto de funcións e roles no centro escolar.
- ✓ Presentar modelos alternativos para contrarrestar a influencia dos modelos que presenta a sociedade.
- ✓ Desenvolver hábitos domésticos e de autocoidado sen diferenciación de sexos.
- ✓ Analizar e seleccionar materiais didácticos que non transmitan estereotipos sexistas (vídeos, revistas, lecturas, etc.).
- ✓ Favorecer a formación de grupos de traballo mixtos.

MODALIDADE DE XESTIÓN INSTITUCIONAL

Intentarase unha xestión participativa e democrática de todos os estamentos que compoñen o Centro. A idea dun Centro democrático implica a participación real e efectiva de todos os estamentos que o compoñen por medio dos representantes elixidos democraticamente.

Nesta xestión intervirán:

- O Equipo Directivo.
- O Claustro de profesores.
- O Consello Escolar.
- A (ou as, de ser o caso) ANPA.

Será obxectivo primordial de quen ostente a representación deste Centro o establecemento e mantemento de relacións institucionais apropiadas con todos aqueles organismos, oficiais ou privados, que directa ou indirectamente teñan algún tipo de relación educativa, ou de outro tipo, co mesmo.

LIÑA METODOLÓXICA

Será activa, fomentando no alumnado actitudes de curiosidade, crítica e investigación, mediante a comunicación e o traballo que constituirán a base da aprendizaxe.

Utilizarase a observación directa e a experiencia como medios de aprendizaxe de todo o relacionado coa natureza e o contorno.

Integraranse as TICs como medio de traballo na aula e fóra dela, incluíndo os medios de gravación audiovisuais como ferramenta para avaliación do alumnado.

A tarefa pedagóxica basearase no respecto mutuo, o diálogo, a reflexión, a elaboración e a solidariedade.

PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

O profesorado deberá respectar as condicións ideolóxicas do alumnado, mantendo o principio de neutralidade.

Fomentaranse no alumnado os valores dunha sociedade democrática: solidariedade, tolerancia, actitude dialogante e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

Educarase na non violencia, para a paz, cooperación e solidariedade entre os pobos.

A educación para a paz terá unha concreción práctica nas normas de convivencia do Centro.

7. CONCRECIÓN DOS CURRÍCULOS

Os Currículos establecidos na Lexislación vixente para as diferentes etapas educativas serán a base para que os diferentes Ciclos Educativos e Departamentos Didácticos elaboren a súa concreción curricular.

Dita Concreción elaborárase anualmente polos Coordinadores de Ciclo e os Xefes de Departamentos Didácticos e plasmarase nas correspondentes Programacións, que serán aprobadas polo Claustro e o Consello Escolar e remitidas a Administración Educativa, quedando integradas automaticamente neste Proxecto Educativo de Centro.

Ademais de concretar o currículo establecido para os diferentes ciclos e departamentos por parte da Lexislación vixente, as anteditas Concrecións Curriculares estarán en consonancia cos Principios Pedagóxicos e Finalidades Educativas e cos Valores, Obxectivos e Prioridades de Actuación (Identidade do Centro) que figuran neste Proxecto Educativo de Centro.

8. PROXECTO DE XESTIÓN

No referente á xestión económica do C.P.I. Castro Baxoi, esta desenvolverase seguindo as normas e instrucións que figuran no "Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios":

9. AVALIACIÓN DO PEC

¿QUE AVALIAR?

Para facer a Programación Anual do Centro, teremos en conta o PEC, recollendo os principios fundamentais deste documento.

Os obxectivos deberán estar incluídos nas distintas programacións de cada nivel.

Unha vez avaliados todos os documentos que constitúen e desenvolven este PEC, introducíranse as modificacións necesarias se non se acadasen os obxectivos fixados.

¿QUEN AVALÍA?

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será a encargada de facer a avaliación. Esta avaliación será trasladada ó Claustro, que a coñecerá, informará e trasladará ó Consello Escolar, que propondrá as medidas que considere pertinentes.

¿COMO SE AVALÍA?

Farase a través de entrevistas para obter información de pais, alumnos, titores. Tamén consultando actas de Claustro, Reunións de equipos, Seminarios, Programacións didácticas, ...

¿CANDO SE AVALÍA?

Ó rematar o curso académico farase unha avaliación sumativa que se incorporará á memoria anual, servindo de base para futuras propostas de modificación dalgún dos puntos, plans ou programas que conforman o PEC.

PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN

As propostas de modificación poderán ser presentadas por calquera membro da Comunidade Educativa.

As modificacións de Plans ou Programas específicos para cada curso académico quedarán integradas automaticamente no PEC.

As propostas oficiais de modificación han de ser sometidas ó Claustro e ó Consello Escolar. Tras da súa aprobación han de ser trasladadas á Inspección Educativa.

